



ALGUNHAS ORIENTACIÓNS SOBRE O ENSINO DUNHA SEGUNDA LINGUA NUN CONTEXTO EDUCATIVO BILINGÜE

Manoel BAÑA CASTRO
María SALCINES MARTÍNEZ
Universidade da Coruña

RESUMO:

Na actualidade, determina-los beneficios ou os perxucios que pode te-lo bilingüismo no desenvolvemento cognitivo dun individuo soe orixinar unha grande controversia científica, que vese acrecentada ó soer aparelarse ás cuestións lingüísticas e os contextos das linguas en contacto, o seu tratamento e a súa utilización, implicacións políticas e plantexamentos ideolóxicos.

A existencia de moitos factores que influen na aprendizaxe das linguas fai que sexa difícil de plantexar un modelo explicativo con garantías de ser eficaz. A análise de diversas experiencias e contribucións permiten deseñar un listado de propostas de cambio, centradas no importante papel que xoga a educación democrática como base sobre a que o bilingüismo non interfira negativamente no desenvolvemento cognitivo e persoal dos suxeitos. Para ilo, é necesario procurar quitarlle o máximo beneficio ó dominio de dúas linguas, non só desde un punto de vista instrumental, que aumente as posibilidades de comunicación do individuo, senón como un auténtico enriquecemento cultural e persoal. Esta nova concepción educativa asegura o dereito de acceso e igualdade de oportunidades para todos, garante as posibilidades de enriquecemento e de desenvolvemento do individuo, a súa promoción cultural e social e a valoración da súa propia lingua e cultura, base e elemento esencial da educación, a través da que se establece a apertura cara ó mundo e a outras culturas e civilizacións.

Hoxe en día existe unha traxectoria ampla e unha grande preocupación polo desenvolvemento da linguaxe, das linguas e a súa aprendizaxe, que ocupa o panorama intercultural das nosas comunidades. Isto tradúcese no traballo de moitos profesionais, ós que se lles encarga a busca de solucións e melloras para a posta en marcha e o desenvolvemento dos programas de aprendizaxe das linguas.

Si se fai unha análise rápida acerca da grande cantidade de bibliografía, investigacións e experiencias sobre o bilingüismo e o ensino de dúas linguas infírese facilmente a idea de que, a pesar das numerosas prácticas deste tipo levadas a cabo en diferentes contextos, os estudos feitos ata agora son, fundamentalmente, de tipo cuantitativo; é dicir, na súa maioría están centrados en cuantifica-los resultados, moitas veces contradictorios, acadados polo alumnado destes programas, en función dunha diversidade de contidos e deixando de lado aspectos tan importantes como os que aluden a factores explicativos derivados da diversidade individual e cultural.

En todas estas investigacións, a calidade do tratamento educativo aparece de forma continuada como un factor explicativo y predictivo importante na aprendizaxe das linguas, pero non se fai referencia explícita ó empregado en cada momento. Debido a iso, dun tempo a esta parte, son cada vez mais os profesionais que empezan a promover unha nova liña de investigación, centrada na análise dos procesos de ensino-aprendizaxe en contextos específicos, establecendo as posibles relacións directas que estes poden ter cos resultados acadados.

Aínda así, a análise destas investigacións xunto coas diversas experiencias e contribucións destes profesionais de nova xeneración, permite estar en condicións de elaborar un listado de suxerencias, prescricións e características que deben cumprilas situacións de ensino e aprendizaxe das linguas. A finalidade é plantexar un deseño dun proceso educativo que poida acadar los resultados máis óptimos posibles, independentemente da situación de partida e tendo en conta que o bilingüismo é unha realidade presente ademais de ser un obxectivo do ensino obrigatorio en Galicia que non se pode eludir.

Unha situación escolar de ensinanza e aprendizaxe é, fundamentalmente, unha relación de comunicación entre o alumnado e o profesorado mediada por un currículo e situada nun contexto que a determina ou condiciona.

Cada un dos compoñentes desta complexa relación contén, á súa vez, numerosas variables e factores que engloban toda situación como esta. Con respecto ó alumnado existen diferentes características de personalidade, capacidades cognitivas, coñecementos previos, aptitudes, intereses, motivación e contexto social e comunitario do que proceden. En canto ó profesorado enuméranse: a formación, experiencia, estilo, características propias de interese, compromiso, determinadas variables persoais...

A análise do conxunto de experiencias que sobre a aprendizaxe dunha segunda lingua se están a levar a cabo en diferentes contextos e a realidade educativa na que se producen leva a concluir que non existen receitas máxicas. A proposta ten que estar baseada na experiencia de cada modelo educativo, na capacidade de ser modificado en función das continuas avaliacións e dos prerrequisitos que poden ser enunciados, en forma de **orientacións**, como segue:

- **Con respecto ó ALUMNADO:**

- a) A investigación etnográfica permite afirmar que o desenvolvemento da competencia oral e escrita nunha segunda lingua depende dos *factores persoais do aprendiz*, así como do seu *respecto nas prácticas instrucionais*. Estas investigacións sinalan como o alumnado mais sociable e conversador aprende con maior facilidade unha segunda lingua, ó posuír maiores oportunidades de usala; por outra banda, o alumnado mais activo e confiado aproxímase á escritura cunha actitude mais flexible que aquel outro con pouca confianza en si mesmo ou preocupado polas faltas ou correccións que puideran derivarse das súas actividades. Estes alumnos/as precisan dunha axuda continuada sobre o que están a realizar e dunha estimulación continxente cos seus esforzos, que lles permita ir adquirindo unha certa autonomía e iniciativa persoal para o uso da lingua.
- b) Estes factores de personalidade non son os únicos que inciden na aprendizaxe das linguas, xunto a eles existen *outros factores de tipo sociocultural*. Un destes factores é o feito de que moitos escolares son de linguas e culturas minoritarias e de nivel sociocultural baixo, polo que preci-

san de mais axuda para conseguir bos resultados académicos. Neste contexto educativo faise necesario unha Pedagogía de “enriquecemento”, que sexa capaz de desenvolve-las habilidades dos nenos/as ó mais alto nivel, valorando e reforzando a súa primeira lingua e incorporando un modelo dotado dos principios fundamentais da aprendizaxe da linguaxe oral e escrita.

- c) Outras variables que inflúen na aprendizaxe das linguas son as de *tipo actitudinal e motivacional*, xa que as actitudes en relación ás linguas e as motivacións para aprendelas teñen un peso específico tan importante, no éxito ou fracaso do programa de ensino e aprendizaxe en cuestión, como as mesmas aptitudes académicas do alumnado.
- d) Así mesmo, dificilmente se pode aprender un idioma se non existe unha *adecuada interacción social*, de aí a necesidade de promover intercambios comunicacionais que vaian servindo, á súa vez, como fonte de motivación para aprender unha lingua, especialmente durante a infancia.
- e) No contexto familiar, o lazo afectivo que se establece entre proxenitores e fillos/as ten unha especial relevancia para co interese de face-las cousas que o adulto propón; sen embargo, no contexto educativo resulta mais difícil que os escolares se interesen polas actividades que se propoñen na aula que por aquelas que fan referencia a súa vida comunitaria. A práctica educativa desenvolve unha ampla gama de recursos para conseguir que as actividades de ensino e aprendizaxe realizadas na escola teñan sentido para os escolares. Sen embargo, a idea de que o alumnado de Educación Infantil é facilmente moldeable ante calquera práctica educativa que se lle presente de forma lúdica é unha percepción errónea. Existen xogos nos que se trata a linguaxe como un obxecto de aprendizaxe en si mesmo, sen que teña ningún tipo de relevancia en relación coa tarefa proposta, polo que estas actividades deixan de ter sentido para os escolares e deixan de ser contextos de ensino e aprendizaxe das linguas. A solución a este problema é contempla-la *lingua como un instrumento do xogo*, presentando as situacións, obxectos e/ou realidades onde disfrutar con tódolos aspectos e funcións que fan referencia ó que se quere ensinar e aprender.
- f) Cando os nenos/as son moi pequenos non teñen aínda formadas nin as súas actitudes lingüísticas nin as escolares. Neste senso, o contexto escolar debe facer un esforzo por *promover actitudes positivas cara ás actividades propostas e desenvoltas*, de xeito que o alumnado o pase ben, aprenda cousas e vaia incorporando a lingua como un vehículo destas actividades.
- g) A introducción dunha segunda lingua presenta máis dificultades que o ensino da primeira, xa que se teñen formadas determinadas actitudes positivas ou negativas cara ás distintas actividades escolares. Por iso é necesario ser conscientes de que os escolares non se implican en actividades que non teñen sentido para eles e, sen embargo, son moi sensibles a participar nas tarefas nas que aprenden contidos que lles suscitan curiosidade. De aí a importancia de saber *qué quere coñece-lo aprendiz, qué ten sentido para el, qué estratexias desenvolver para conseguir que determinados coñecementos cobren sentido por si mesmos e pasen a formar parte da curiosidade do que aprende*.
- h) As motivacións e actitudes son características propias de cada individuo. A *calidade educativa* pasa por atender a esta diversidade na que o profesor/a debe favorecer-la aprendizaxe a través de diferentes actividades na aula, facendo sentirse importante e autónomo ó alumno que aprende con respecto ó que aprende.

- *Con respecto ó PROFESORADO:*

Para ensinar unha segunda lingua fai falla ter en conta unha serie de consideracións por parte do profesor/a, o que ten que desenvolver os recursos necesarios para promover o interese pola materia obxecto de aprendizaxe e pola lingua do alumnado. Para iso é necesario establecer unha actitude aberta e de respecto cara ós aprendices e unha flexibilidade a hora de acometer as diversas situacións cotiás da aula. Isto conleva consigo as seguintes implicacións:

- a) Parece obvio que cando se fala de impartir un programa de aprendizaxe de segundas linguas, unha das primeiras características que se debe sinalar é a relacionada co coñecemento das linguas a ensinar. Se ós alumnos se lles esixe o dominio das dúas linguas, o profesorado debe orientar o proceso de aprendizaxe para posuír unha *competencia e un dominio de ambas*, que lles permita realizar o seu traballo de forma satisfactoria.
- b) No ensino dunha segunda lingua, o profesor/a debe ter a *formación psicopedagóxica* imprescindible para poñer en marcha os procedementos e estratexias metodolóxicas requiridas para levar a cabo as tarefas de análise de necesidades, deseño, desenvolvemento de programas de aprendizaxe das linguas, elaboración de materiais didácticos a empregar e a combinación destes con outros previamente deseñados para tal fin.
- c) O *perfil profesional* dos docentes debe caracterizarse por unha peculiar forma de actuar ante as situacións de ensino e aprendizaxe das linguas. Así, as diferentes investigacións sinalan que o profesorado que obtén mellores resultados son os que cumpren coas seguintes características: un estilo docente sensibilizado coas motivacións e as necesidades comunicativas e lingüísticas dos escolares, que se adapte a elas organizando as clases dun xeito efectivo e conseguindo unha alta participación dos estudantes.
- d) É necesario recorrer á utilización de información sobre o contexto cultural próximo do alumnado, o uso de documentos reais e adaptados ós intereses, e *fomentando a súa participación* e poñendo especial énfase na comunicación e na comprensión a través das diferentes estratexias e proporcionando moita retroalimentación ás tarefas realizadas.
- e) É conveniente a utilización dun *modelo didáctico baseado na atención á diversidade*, que teña en conta a importancia dos factores sociolingüísticos e psicopedagóxicos para un tratamento integrado das diferentes linguas do currículo e no que se utilice unha ampla variedade de recursos, coa finalidade de que o alumnado poida adquirir a riqueza da linguaxe.

- *Implicacións para as ACTIVIDADES DE ENSINO E APRENDIZAXE:*

Cada vez son máis os estudos neste campo, centrados fundamentalmente na análise da ensinanza e aprendizaxe das linguas, co obxecto de poder orientar a actuación do profesorado. Das diferentes experiencias levadas a cabo por docentes expertos neste tema e en función dos resultados obtidos, pódense presentar unha serie de prescricións con respecto a este proceso:

- a) A realidade educativa presenta situacións nas que se está máis preocupado polos contidos disciplinares que por calquera outro tipo de aprendizaxe. Desta forma, en moitos procesos educativos, os alumnos/as limitáanse a responder de forma repetitiva, seguindo esquemas de iniciación do profesor/a con preguntas – resposta dos alumnos/as – resposta correcta do pro-

feitor/a. Fronte a isto, as investigacións sobre a aprendizaxe dunha segunda lingua indican que a rapidez e a precisión en dominar os sistemas básicos desta lingua dependen do grao no que o contexto social da clase facilita ós escolares *oportunidades de practica-la nova lingua*, a través de xogos de comunicación na que se empregue esta.

- b) É necesario recalca-la preocupación excesiva, ás veces, do tempo e espazo da clase, o que se traduce nun control extremo da fala dos alumnos/as por parte do profesorado, o que afecta negativamente ó desenvolvemento da linguaxe, limitando o rango de funcións comunicativas que o alumnado pode chegar a empregar. Por iso é necesario que os docentes pasen a ter un papel predominantemente comunicativo, deixando de posuí-la maior parte do tempo da fala e sendo receptores interesados e potenciadores da necesidade comunicativa creada no alumnado. O profesorado debe *promove-la creación de marcos de comunicación e relación entre os alumnos/as*, despreocupándose do tempo e do espazo que poden empregar na utilización da lingua, e destacando as formas correctas de uso da mesma, incluso de forma esaxerada na vocalización e na pronunciación.
- c) Un dos obxectivos primordiais para conseguir a adquisición dunha lingua é *crea-la necesidade de comunicar*. A maneira máis efectiva de aprender unha lingua é mediante o seu uso; polo tanto, a pesar das características persoais de cada alumno/a é o profesor/a, en último termo, o que, deseñando as actividades de comunicación, determina o grao de participación dos alumnos/as e fai que esta aprendizaxe se dea dun xeito natural e espontáneo.
- d) Algunhas *experiencias que* presentan bos resultados na adquisición da segunda lingua son as que *se desenvolven sobre historias motivantes e significativas para os alumnos/as*. Para iso é necesario crear un clima propicio na aula, que anime a expresar ideas, proponendo actividades que dean lugar ó establecemento de conversacións espontáneas, caracterizadas pola súa natureza holística, na que se integren os distintos aspectos da linguaxe: escoitar, falar, ler e escribir. É fundamental, polo tanto, a integración destas actividades na abordaxe dos contidos disciplinares, intentando responder ós intereses do alumnado, ó mesmo tempo que se crean novos focos de interese dentro do grupo e sobre os elementos fundamentais do currículo. Entre estas actividades pódense sinalar aquelas coñecidas baixo o nome de centros de interese, proxectos, rincóns ..., nas que a linguaxe cobra sentido na medida en que o seu dominio está directamente relacionado coa resolución da tarefa. Nelas o alumnado traballa por proxectos elixidos en función das orientacións xerais proporcionadas polo profesorado, implicándose na definición dos obxectivos e na busca de medios para conseguilos, tendo desexos de comunicarse e adoptando o protagonismo nas interaccións, nas que producen unha grande variedade de comportamentos de fala.
- e) A forma de enfoca-las tarefas fai referencia ó uso das actividades de grande grupo e á importancia que se lle concede ó pequeno ou mediano grupo en función das idades. A principal razón que se argumenta para utilizar un tipo u outro de grupos é o de favorecer que os seus compoñentes falen máis e produzan maior variedade de comportamentos de fala. Sen embargo, é necesario sinalar que non é tanto o *tamaño do grupo* o que proporciona maiores posibilidades comunicativas, senón a natureza da tarefa ou actividade conversacional que se propón.
- f) Ellis (1984) realiza unha investigación sobre a adquisición oral da primeira e segunda lingua. En función dos resultados que atopa, propón un conxunto de *aspectos do discurso* na aula que promoven a rápida adquisición da segunda lingua: a creación de necesidades de comunicación,

a oferta dun amplo abano de actos comunicativos e prácticas desinhibidas e a posibilidade de control do contido por parte do alumnado. Fai, ademais, referencia a un aspecto tan importante como é o da comprensividade da información definida por Krashen (1982) como *input comprehensible* na súa teoría de adquisición da segunda lingua. Este termo adquire unha especial importancia, especialmente nas primeiras etapas da adquisición dunha lingua, debido a que o aprendiz vai progresando gracias a que comprende as mensaxes do seu interlocutor. Para aprender a falar é necesario, ante todo, que o individuo reciba grandes cantidades de linguaxe comprensible na lingua correspondente; para iso, a información ten que ser simplificada para poder ser entendida e débense incorporar progresivamente novos elementos para que o alumno/a se enriqueza lingüística e cognitivamente. Dende un punto de vista estrutural, as mensaxes deben estar, a cada momento, un pouco mais alá do nivel de adquisición do aprendiz, que ten que ir procesándoas, apoiándose no contexto e nos recursos lingüísticos que vaia posuíndo.

- g) O *profesor/a vaise adaptando ó aprendiz*, gracias a unha *modificación ou axuste na súa fala*. Estas modificacións son de natureza verbal, paralingüísticas e, sobre todo, conversacionais. Os axustes poden ser: o uso de voz pausada e acompañada de xestos, con énfase en determinadas secuencias da cadea da fala, e o emprego de axudas sensoriais, levando a cabo controis de comprensión, reformulacións, expansións e reaccionando ante situacións de ruptura comunicacional.
- h) Outra técnica que, xunto co *input comprehensible*, resulta moi eficaz para facilitala comprensión é a de *presenta-los conceptos*, obxecto de aprendizaxe, *a través de diversos contextos*, tanto nunha mesma situación ou actividade como a través de diferentes situacións ou procedendo á introducción de información nova no seno da xa coñecida. Unha comprensión adecuada aséntase en exercicios de comprensión oral o máis eficaces posibles, que conteñen unha grande cantidade e variedade de información comprensible, e que parten dos intereses dos escolares e aseguran a súa atención e a súa motivación, aspecto fundamental na adquisición dunha segunda lingua. Existe un acordo xeneralizado, por parte das distintas experiencias e investigacións, en sinalar que o éxito na adquisición dunha segunda lingua depende da actitude dos suxeitos, da súa motivación e da conciencia que teñen da necesidade de adquisición, mais que do método pedagóxico empregado.
- i) Á hora de aprender unha segunda lingua os *motivos polos que se aprende van ser diferentes*; fronte ó motivo de utilidade e integración que pode ter un adulto, está o valor puramente pragmático que lle pode outorgar un neno/a, ó que preferire, como é natural, usa-la súa propia lingua mentres poida, utilizando unha segunda só se é necesaria para comunicarse e ser aceptado polos seus compañeiros/as.
- j) *A adquisición académica dunha segunda lingua* tende a converterse, en bastantes situacións, nunha *actividade puramente escolar*, causando un dano na motivación e esquecendo certos usos e modalidades da linguaxe. Por iso é fundamental ter en conta recomendacións como a que se presentan a continuación.
- k) Ás veces, á hora de plantexar grande parte das actividades educativas cáese no erro de presentalas de forma homoxénea, de xeito que todo o alumnado ten que face-las mesmas cousas, máis ou menos no mesmo tempo. Isto dificulta a comprensión da actividade para moitos dos alumnos/as. Por esta razón, é necesario *utilizar métodos activos* que teñan en conta tanto a actividade lingüística do suxeito, de produción e comprensión, como as súas fun-

cións comunicativas. Ensinar unha segunda lingua significa empregar as manifestacións da propia experiencia e/ou cultura, que se expresan a través desa lingua e das formas de vida das comunidades dos alumnos/as que a falan. Sobre todo, é necesario a utilización de exercicios que susciten o interese no alumnado, centrando as conversacións co profesor/a nas experiencias e en si mesmos, creando situacións nas que o alumno/a fale cousas que teñan sentido para el, como: contos, relatos, películas, cancións, etc.

- l) A práctica educativa para o ensino e aprendizaxe das linguas debe centra-los seus esforzos tanto en aspectos de comprensión como de expresión, creando contextos de uso, nos que emerxa a produción lingüística dun xeito espontáneo e natural. Da mesma forma que os monolingües tardan varios anos en dominar as habilidades lingüísticas implicadas nos seus usos informais, os alumnos que aprenden un segundo idioma precisan de tempo para elo. De aí a importancia de adoptar unha *grande flexibilidade con respecto ó tempo no que o alumno/a dé comezo ó emprego, dunha forma habitual, á segunda lingua*. Unha das razóns que fundamentan este argumento é o feito de que a comprensión sempre precede á produción lingüística e, dificilmente, se pode utilizar algo sen comprender para qué serve.
- m) A miúdo, o termo de expresión vai asociado á produción oral e escrita, polo que, con frecuencia, sóese esquecer un aspecto tan importante como a produción de carácter xestual que vai unida a un concepto de comunicación mais amplo. Cando un neno/a empeza a aprender unha lingua, pasa un tempo ata que é capaz de usala para comunicarse; aínda que, mentres tanto, fai uso de multitude de xestos unidos a palabras soltas para demostrar comprensión, comunicar, establecer relacións, etc. É importante *incorporar*, dende un principio, *a linguaxe xestual e corporal nos programas de ensino e aprendizaxe das linguas*, ó esta-la fala e o corpo indisolublemente unidos na expresión e na comunicación.
- n) Ó igual que a comprensión precisa que se lle dedique unha grande parte das horas destinadas ás actividades educativas no ensino e aprendizaxe dunha lingua, *a expresión necesita dun espacio e dun tempo*. Un requisito para iso é que as tarefas teñen que ser significativas, referidas ás situacións nas que o alumnado fale de cousas que teñan senso para el, non sendo excesivamente repetitivas en canto ós exercicios e frases. As actividades teñen que se-lo mais próximas posibles á realidade do alumno/a, empezando primeiro por temas que este poida ver, tocar,... para pasar, a continuación, a contidos de afectividade, tales como: a familia, amigos, etc., e, posteriormente, abordar temas de interese, propios da idade. Estas actividades teñen que ser abertas, permitindo ó alumno/a expresar e comunicar aspectos do seu interese e introducir novos contidos de aprendizaxe. A dificultade das mesmas ten que ser progresiva.
- o) Outro aspecto é o que fai referencia ó ensino e *aprendizaxe da lecto-escritura*. Algúns autores/as sinalan que é preferible iniciar a lectura e a escritura na primeira lingua para despois pasar á segunda; sen embargo, se as circunstancias aconsellan ou esixen empezar pola segunda e pasar despois á primeira, cunha metodoloxía adecuada pódense conseguir resultados igualmente satisfactorios. Aínda que existen diferentes programas e alternativas de alfabetización, é evidente que o proceso de ensino e aprendizaxe da lecto-escritura na segunda lingua é bastante diferente que o que se leva a cabo cando xa se posúe un certo grao de alfabetización na primeira. Nesta última situación, e dependendo das características das linguas, o alumnado transfere á segunda lingua boa parte das habilidades alfabéticas adquiridas na primeira, polo que a natureza e calidade desta transferencia vai depender, en grande medida, das habilidades que se posúan na primeira lingua.

- p) Para iniciar a *aprendizaxe da escritura* nunha segunda lingua, o alumnado debe contar cun coñecemento do vocabulario e do léxico básico da mesma, aínda que non parece que sexa necesario un profundo coñecemento desa lingua a nivel oral. No caso da *lectura*, as concepcións contemporáneas e as experiencias sobre a adquisición dela nunha segunda lingua demostran que canto máis recoñecen os lectores o contido da lectura máis fácil lles resulta ler e comprender-lo significado do texto. Neste senso, parece fundamental que se facilite materiais culturalmente relevantes e adaptados ó nivel de competencia lingüística e conceptual. A lectura ten que ser motivante e debe ir acompañada de actividades que concedan ó lector oportunidades amplas de actuar de diferentes maneiras sobre o lido. Así, sobre o relato dunha historia deben proporcionar a preparación dun proxecto, a organización dun experimento, o traballo ou experiencia sobre un tema, etc. Diferentes investigacións poñen de manifesto que naquelas aulas onde se acadan mellores resultados, os profesores/as caracterízanse por dar oportunidades ós alumnos para escribir sobre tópicos de interese persoal, mostran interese polo que os nenos/as escriben, publicanlles os textos, consideran o texto nas súas sucesivas fases (pre-escritura, escritura e revisión), atenden ós aspectos formais da escritura a través dos contidos, proporcionan actividades metalingüísticas, reflexionando sobre as formas ou maneiras de expresarse, e existe un ambiente comunicativo, rico a nivel oral.

En conclusión, pódense sinalar algúns dos aspectos que máis incerteza causan ó colectivo do profesorado, especialmente no momento no que se preparan para abordar a complexa tarefa da ensinanza dunha segunda lingua.

En primeiro lugar, é necesario incidir sobre a inexistencia dunha metodoloxía que se poida considerar como idónea para a aprendizaxe das linguas debido, sobre todo, a que existe unha extensa gama de entornos de aprendizaxe ós que responder e nos que están influíndo infinidade de variables. Consecuentemente, de aí xurde a necesidade de deseñar e aplicar programas de ensino das linguas, adaptados a cada contexto sociolingüístico que, a súa vez, promovan técnicas innovadoras de aprendizaxe e de formación de profesores/as dende plantexamentos prácticos e estimulantes das linguas, nas que se incida sobre a conveniencia de ter en conta a necesidade de comunicación da vida real dos alumnos/as.

En segundo lugar, a aprendizaxe dunha segunda lingua nunca supón un punto final na súa adquisición, polo que se pode afirmar que os alumnos/as bilingües son tan competentes nunha segunda lingua como poden selo na primeira, xa que a capacidade nunha lingua depende da súa utilización, do seu hábito. Non se debe esquecer que a adquisición da linguaxe é un proceso longo e complexo no que non existe un punto final. O seu desenvolvemento depende, día a día, dos esforzos de todos aqueles profesionais implicados e comprometidos para que este continúe.

BIBLIOGRAFÍA

- APPLE, R. e MUYSKEN, P. (1996) *Bilingüismo y contacto de linguas*. Barcelona, Ariel.
- ARNAU, J. (1993) "Bases Psicopedagógicas de la educación bilingüe". En SIGUAN, M (Coord.) *Enseñanza en dos linguas*. Barcelona: Editorial Horsori, 25-40.
- ARNAU, J.; COMET, C.; SERRA, J.M. e VILA, I. (1992) *La Educación bilingüe*. Barcelona: I.C.E. Universitat Barcelona- Editorial Horsori.
- BALKAN, L. (1979) *Los efectos del bilingüismo en las aptitudes intelectuales*. Marova: Madrid. (Original en francés: Bruxelas, 1970).

- BAÑA, M. (1987): *Bilingüismo e educación*. Documento interno do Departamento de Psicoloxía Evolutiva e da Educación da Universidade de Santiago.
- BAÑA, M. e G. LEIRAS, D. (1994): “Interacción e aprendizaxe nas situacións educativas: a importancia da comunicación e da linguaxe no proceso educativo”. *Revista Galega de Psicopegoxía*, 8-9, 11-122.
- BAÑA, M.; SALCINES, M e G.SUAREZ, R. (2001): “A aprendizaxe dunha segunda lingua e a súa convivencia coa primeira”. *Actas del VIII Congreso Internacional de linguas Minoritarias*. Santiago: Consellería de Educación e O.U. da Xunta de Galicia.
- CAJIDE VAL, J. (1991): “La educación Bilingüe: Una evaluación y reflexión en el caso de Galicia”. En *BORDÓN*, nº 43 (1), 31-37.
- CUMMINS, J. (1983): “Interdependencia lingüística y desarrollo educativo de los niños bilingües”. *Infancia y Aprendizaje*, 21, pp. 37-68. (Original en inglés: *Review of Educational Research*, 1979).
- ELLIS, R (1995): *The Study of Second Language Acquisition* (3ª impresión). Hong Kong: Oxford University Press.
- FANTINI, A.E. (1982): *La adquisición del lenguaje en un niño bilingüe*. Barcelona: Herder.
- GONZALEZ, M. (1985): *Bilingüismo en Galicia. Problemas y alternativas*. Servicio de publicaciones Universidad de Santiago de Compostela.
- HOLOBOW, N. (1996): “Programas de inmersión canadienses treinta años después: opciones y cambios”. En M. SIGUAN (Coord.): *La enseñanza precoz de una segunda lengua en la escuela*. Barcelona: Editorial Horsori, 27-47.
- KRASHEN, S. (1982): *Theory and Practice in Second Language Acquisition*. New York: Pergamon Press.
- LAMBERT, W. E. (1974): “Culture and language as factors in learning and education”. En F. ABOUD (Ed.): *Cultural and factors in learning*. Bellinghan: Western Washington State College.
- LAMBERT, W. E. (1977): “Effects of bilingualism on the individual”. En P. HORNBY (Ed.): *Bilingualism: Psychological, Social and Educational Implications*. Nueva York, San Francisco, Londres: Academic Press Inc., 15-27.
- MACNAMARA, J. (1970): “Bilingualism and thought”. En J. ALATIS (Ed.): *Monograph Series on Languages and Linguistics*. Georgetown University School of Languages and Linguistics, 23, 22-45.
- RUBAL, X. (1993): “Las lenguas en el sistema educativo de Galicia”. En M. SIGUAN (Coord.): *Enseñanza en dos lenguas*. Barcelona: Editorial Horsori, 41-58.
- SIGUAN, M. (1978): “Bilingüismo y personalidad”. En INSTITUTO DE CIENCIAS DE LA EDUCACIÓN DE LA UNIVERSIDAD DE BARCELONA (ed.): *Bilingüismo y biculturalismo*. Barcelona: Ediciones CEAC, S.A., 275-304.
- SIGUAN, M. (1985): *Enseñanza en dos lenguas y resultados escolares*. Barcelona: Editorial Horsori.
- SIGUAN, M. (2000): *La educación bilingüe: Veinte años del Seminario sobre Lenguas y Educación*. Barcelona: Editorial Horsori.
- SIGUÁN, M. e MACKEY, W. (1986): *Educación y bilingüismo*. Madrid: Santillana, S.A.
- SILVA, B. (1990): “Lingua galega e lingua española: unha interacción pedagógicamente necesaria”. *Cadernos de lingua*, 1 (1),119-124.
- TEJEDOR, F.J. (1984): “La investigación sobre bilingüismo: Valoración metodológica y análisis de resultados”. En VIII CONGRESO NACIONAL DE PEDAGOGÍA (comp.): *Educación y Sociedad Plural*. Santiago de Compostela: Universidad de Santiago y S.E.P. , 157-178.
- TORRANCE, E.P.; WU, J.; GOWAN, J.C. e ALIOTTI, N.C. (1970): “Creative functioning of monolingual children in Singapore”. *Journal of Educational Psychology* (61) 72-75.

VYGOTSKI, L. S. (1977): *Pensamiento y lenguaje*. Argentina: Editorial la Pléyade.

VYGOTSKI, L. S. (1996): *El desarrollo de los procesos psicológicos superiores*. Barcelona: Crítica.

ZACHARIEUV, Z. (1978): "Lengua materna, bilingüismo y multilingüismo a través de los programas de la UNESCO". En INSTITUTO DE CIENCIAS DE LA EDUCACIÓN DE LA UNIVERSIDAD DE BARCELONA (ed.) *Bilingüismo y biculturalismo*. Barcelona: Ediciones CEAC, S.A., 271-275.